

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2023/1	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria
<b>Data</b>	04 de xaneiro de 2023
<b>Duración</b>	Dende as 13:14 ata as 13:30 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuíña Fernández
<b>Secretaria</b>	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	NON
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

**Aprobación da acta da sesión anterior: 21.12.2022****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 21 de decembro de 2022.

**Expediente 841/2022. Contratacións. PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO OBRA - Rehabilitación de cuberta de edificación existente en Cortegada.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por a que se transpón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGLAP), en todo o que non contradiga o disposto na LCSP.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Contrato de obra, Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e demais documentación que teña carácter contractual do expediente.

#### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** O contrato de obra da **Rehabilitación de cuberta de edificación existente en Cortegada** foi adxudicado ó licitador CELSO NOVO, por procedemento aberto simplificado abreviado, mediante acordo da XUNTA DE GOBERNO LOCAL con data 1 de setembro de 2022, como se recolle na propia acta de esta maneira

*“Vista a competencia da Xunta de Goberno delegada por esta Alcaldía, órgano orixinariamente competente segundo o sinalado na DA 2ª da LCS e, artigo 21.1 da Lei 7/85, **por unanimidade ACORDA:***

*1º.- Adxudicar o contrato de obra **“REHABILITACIÓN DE CUBIERTA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE: POLÍGONO 501, PARCELA 363. -CORTEGADA-. CONCELLO DE SILLEDA”** ao licitador CELSO NOVO (52484359V), que presentou a seguinte oferta: 49.720,00 € (IVE engadido) ao resultar a oferta máis vantaxosa de acordo coa baremación obtida pola aplicación dos criterios de valoración establecidos no PCAP, tras a renuncia da primeira adxudicataria COVIASSTEC SL”.*

Esta adxudicación formalizase mediante un contrato administrativo en data 10 de setembro de 2022 entre o Concello e o adxudicatario Celso Novo.

**SEGUNDO.-** O arquitecto Martín Pereiras Corzón, redacta un proxecto denominado REHABILITACIÓN DE CUBIERTA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE:POLÍGONO 501, PARCELA 363. -CORTEGADA-. CONCELLO DE SILLEDA, asinado con data 20 de maio de 2022.

Na mesma Xunta de Goberno antedita, con data 1 de setembro de 2022, designase director da obra a Lino Manuel Doporto Framil, que advirte unha serie de deficiencias no proxecto realizado polo arquitecto, Martín Pereiras Corzón, e redacta un proxecto, modificando o inicial, con data do 15 de novembro de 2022, onde sinala a necesidade de modificación do contrato.

**TERCEIRO.-** Por Providencia de Alcaldía na data 23 de novembro de 2022, solicítase o seguinte:

**“PRIMEIRO.** Iniciar o expediente de modificación do contrato de execución da obra denominada **REHABILITACIÓN DE CUBIERTA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE: POLÍGONO 501, PARCELA 363. -CORTEGADA-. CONCELLO DE SILLEDA**”, formalizado en data 10 de setembro de 2022 con un prezo (ive incluído) de 49.720 €, tendo en conta que coa modificación alcanzará a cantidade de 73.741,41 (ive incluído)

**SEGUNDO.** Que se incorpore a este expediente o documento contable que acredita a retención de crédito pola diferenza que suporá a modificación.

**TERCEIRO.-** Que se proceda a **EMITIR INFORME XURÍDICO PRECEPTIVO.**

**CUARTO.-** Que se someta a **aprobación da modificación do proxecto con carácter previo á aprobación do expediente de modificación do contrato.**

**QUINTO.-** Unha vez completado o expediente deberase someter a súa aprobación” .

**CUARTO.-** Existe no expediente un informe xurídico con data 23 de novembro do 2022, realizado por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, no que recolle nas súas conclusións o seguinte: “Por lo expuesto, la propuesta de modificación del contrato se ajusta a las previsiones contenidas en la Ley 9/2017, de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público, así como del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por lo que se informa FAVORABLEMENTE, una vez completado el expediente con las consideraciones arriba referidas”.

**QUINTO.-** Constan no expediente diferentes informes técnicos de Lino M. Doporto Framil. Terase en conta o seu último informe con data 14 de decembro de 2022, no que xustifica que se debe proceder a **correxir determinados erros e modificar o contrato.** Considérase necesario copiar de maneira literal o recollido nese informe:

**“INFORME**

2. Respecto do requirido no punto 1.1 sinálase que, igualmente que no proxecto orixinario que se pretende modificar, a obra si afecta á estabilidade, seguridade e estanquidade.

3. Respecto do sinalado no punto 1.2, xustifícase o artigo 205 nomeado a continuación:

3.1. **Suposto:** considérase que encadra no suposto mencionado no artigo 205.2..b), salvo mellor criterio, posto que consideremos que a necesidade de modificar un contrato derivase de circunstancias sobrevindas e imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, xa que se cumpren as condicións seguintes:

3.1.1. A necesidade da modificación derivase de circunstancias que unha Administración dilixente non puido prever. Como se xustificará no punto 3.2, as eivas detectáronse antes do inicio das obras, ao preparar os documentos precisos para a dirección de obra encomendada (transcrición de unidades de obra e importes, entre outras).

3.1.2. Canto á posible alteración da natureza global do contrato, definición non recollida na Lei de Contratos, cómpre sinalar o que ao respecto establece a Xunta Consultiva De Contratación Pública Do Estado1:

“... cuando la norma exige que no se altere la naturaleza global del contrato lo que veda es que mediante su modificación se altere su objeto en tal medida que pase a tener una naturaleza jurídica diferente. El Considerando 109 de la Directiva 24/2014 así lo reconoce cuando señala que

no puede modificarse el contrato en los casos en que la modificación tiene como resultado una alteración de la naturaleza de la contratación global, por ejemplo si se sustituyen las obras, los suministros o los servicios que se van a adquirir por otros diferentes o se modifica de manera fundamental el tipo de contratación. Por tanto, la alteración de la naturaleza global del contrato tiene lugar cuando se cambian de modo sustancial las prestaciones que constituían su objeto primigenio o cuando se cambia la naturaleza del contrato, que pasaría a ser de otro tipo distinto del que se licitó inicialmente". Neste caso non se substitúen obras que se van executar por outros diferentes nin se modifica de maneira fundamental o tipo de contratación.

3.1.3. A modificación do contrato implica unha alteración na súa contía que non excede do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído (a alteración froito das modificacións é do 28,11%).

3.2. A xustificación da modificación está recollida no proxecto modificado, e reproducése a continuación:

#### XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO

Previamente ao comezo das obras obsérvanse certos puntos que se consideraron da seguinte forma:

##### 3.2.1. Medicións

Ponse de manifesto a discrepancia entre as medicións do proxecto e o resumo de orzamento, pola que non se contabilizan 4.526,14 € na partida de estruturas nin 550 € na de residuos de construción e demolición. En total, 5.076,15 €. A iso engádese que se consigna un tipo de IVE do 10 %, cando entendemos que este importe reducido trátase de obras de rehabilitación de vivenda, en xeral, que non é o caso, salvo mellor criterio. Con todos estes datos, lanzaría un valor estimado do contrato de 51.268,39 €, en lugar dos 45.227,77 € que constan en proxecto. Outros erros aritméticos detectados son na partida 04.01 PORTA DE ENTRADA, na que se consignan 2 unidades, mintas que o sinalado en planos coincide co reflectido nas liñas de medición ( $21,1 \text{ m} * 2,6 \text{ m} = 5,72 \text{ m}^2$ ); é dicir, 239,33€ de menos en valores de PEM. O mesmo ocorre coas xanelas, nas que se contabilizan 10 unidades, cando en planos e en fotografías compróbase que existen 12 unidades.

Non constan no proxecto presentado xustificación de prezos, cadros de prezos descompostos, unitarios nin auxiliares.

**Consideramos que estes son erros materiais conforme ao art. 122.1 da LCSP**

##### 3.2.2. Partidas

Por se isto fose pouco, apréciase que non constan partidas que consideramos indispensables como son as de recalce de muros e a súa consolidación, así como outras que apareceron coa limpeza da hedra que cubría os paramentos, que deixaron en evidencia o abombamento da parte superior dun lenzo de fachada Norte, que se considera desmontar e volvela a executar.

**Consideramos que estes erros xustifican unha modificación do contrato.**

##### 3.2.3. Recalces

Considérase imprescindible para unha obra deste tipo a execución de recalces de cimentación, xa que se incorporan novas cargas ao edificio nuns muros que hai que consolidar, en maior ou menor medida. Estes recalces benefician ademais a interacción da estrutura co terreo, ao aumentarse ao superficie de cimentación nun 133%.

**Consideramos que estes erros xustifican unha modificación do contrato.**

*3.2.4. Apertura de oco interior*

*Outras situación similar está na porta que se pretende abrir entre ambos os espazos interiores do edificio, xa que o muro en cuestión presenta un estado ruinoso no que xa se caeu polo menos un terzo do material que o compón, facendo perigoso e inviable a apertura puntual dun oco, risco para as persoas e risco de que caía todo ou parte del.*

**Consideramos que estes erros xustifican unha modificación do contrato.”**

**SEXTO.-** Consta no expediente o informe de supervisión emitido por Verónica Chaves González, arquitecta técnica, na data do 22 de decembro de 2022, sobre o proxecto modificado realizado por Lino M. Doporto Framil o 15 de novembro de 2022. No informe de supervisión recóllese que:

*“Á vista do anterior e revisada a documentación escrita e gráfica do **“PROXECTO MODIFICADO DE REHABILITACIÓN DE CUBERTA”**, conforme ao establecido no artigo 136 do Regulamento da Lei de Contratos, conclúese que o mesmo contén todos os apartados esixidos no artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo que, salvo vicios ocultos, considérase que cumpre co establecido nas normas contractuais, e, polo tanto, **emítase INFORME DE SUPERVISIÓN FAVORABLE** aos efectos da APROBACIÓN do referido proxecto”.*

**SÉPTIMO.-** Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria da orporación en data 02 de xaneiro de 2022.

**OITAVO.-** Visto o informe emitido polo Interventor da Corporación, en data 03 de xaneiro de 2022

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Aprobación do proxecto modificado con rectificación dos erros materiais, de feito ou aritméticos e modificación do contrato.

**SEGUNDO.-** Seguir o procedemento determinado nas consideracións xurídicas.

**TERCEIRO.-** Que se proceda a súa fiscalización por parte de intervención.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**